

De acordo co previsto na base sexta da Resolución de 27 de xullo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca o concurso-oposición libre para o ingreso nas diversas clases de persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, de 23 de outubro, o tribunal cualificador do concurso-oposición da clase de inspectores médicos, á vista das reclamacións, acordou anular as preguntas nº 51 e 58 do primeiro exercicio da fase de oposición substituíndoas polas preguntas nº 91 e 92. A anulación das preguntas indicadas basease na seguinte motivación:

### **Pregunta 51**

Acórdase polo Tribunal, tras analizar a reclamación presentada, anular a pregunta 51, por detectar un erro de transcripción no texto da resposta dada inicialmente como válida na publicación da táboa provisional de respostas. Figuraba como correcta a resposta "D", co texto: "*As respostas A) e B) son correctas*", cando debía ter figurado: "*As respostas A) e C) son correctas*".

O reclamante impugna como incorrecta a resposta "B", e en consecuencia, a resposta "D", solicitando que fose declarada como resposta correcta a resposta "A".

O Tribunal advirte que son correctas as respostas "A" e "C", invalidando, polo tanto, a resposta "D" e, en consecuencia a pregunta, ao existir dúas respostas correctas: a resposta "A" e máis a "C".

### **Pregunta 58**

Acórdase igualmente polo Tribunal, e tras analizar a reclamación presentada, anular esta pregunta e estimar a alegación realizada polo aspirante, ao apreciar que segundo a bibliografía de uso común, existen dúas respostas correctas, A) e B).

**A presidenta do Tribunal**

**Mercedes Lanza Gándara**

